

TEMA 4. O SECTOR PRIMARIO.

1 O sector primario nos nosos días



1.1. As actividades do sector primario

- O sector primario comprende as actividades que **proporcionan recursos básicos** ou primarios, é dicir, que **se obteñen directamente da natureza**.
 - Estas actividades son a **agricultura, a gandaría, a pesca e a explotación forestal**.
- De todas elas, **a agricultura é a máis importante**.
 - O 40 % da poboación mundial depende dela para sobrevivir.

1.2. A situación actual do sector primario

- A **poboación dedicada** ao sector primario supón o **26,5 % do total** da poboación activa mundial. Unha porcentaxe importante pero que **está diminuindo** progresivamente en favor dos outros sectores económicos. (ano 2020).
- Aínda que a produtividade do sector primario aumenta cada ano, **o seu peso económico diminúe** respecto ao que achegan os sectores secundario e terciario.
 - Apenas o **3 % do PIB mundial**.
- Non obstante, existen **importantes diferenzas** entre uns países e outros.
 - Nos **países desenvolvidos**
 - Emprega unha **porcentaxe pequena da poboación activa**, entre o 1 % e o 5 %.
 - Ten unha **alta produtividade** grazas á mecanización e aos adiantos técnicos.
 - Á riqueza nacional é reducida, menos do **3 % do PIB**.
 - Nos **países en desenvolvemento**
 - Ocupa **ao 50 % da poboación** (pode chegar a ocupar o 80 %).
 - Proporciona máis do **10 % do PIB** (pode chegar máis do 24 % do PIB).
 - A **produtividade é baixa** polo uso de técnicas de cultivo tradicionais.

1. POBOACIÓN OCUPADA NO SECTOR PRIMARIO



2. Os elementos humanos da paisaxe agraria.

2.1. As parcelas

- A **explotación agraria** é o espazo físico en que se desenvolven as actividades pertencentes a unha unidade económica dun mesmo propietario, que pode ser unha persoa ou unha empresa.
- Segundo o seu tamaño, as explotacións poden ser **grandes (latifundio)**, **medianas** ou **pequenas (minifundio)**.
- E segundo a actividade que predomine, existen explotacións **agrícolas, gandeiras, forestais ou mixtas**.
- Unha explotación está formada por unha ou varias porcións de terreo ou leiras.

- En función de como sexan os **límites das parcelas**, distinguimos dous tipos principais de paisaxes agrarias:
 - **Campos abertos ou openfield.**
 - Cando as parcelas **non están cercadas**, dan lugar a paisaxes agrarias formadas por parcelas independentes sen separación entre elas.
 - Esta é a paisaxe agraria que predomina na Submeseta **Sur de España**.
 - Neste tipo de paisaxe as vivendas dos campesiños adoitan estar **agrupadas**.
 - **Campos pechados ou bocage.**
 - Cando as parcelas **están cercadas** por sebes, valados ou muros de pedra, aramados,... e se comunican mediante unha rede de camiños.
 - É a paisaxe agraria propia da **cornixa cantábrica** en España e da Europa atlántica.
 - Neste tipo de paisaxe, os campesiños viven en **casas illadas** xunto ás terras de cultivo ou en pequenas aldeas diseminadas polo territorio.



9. Paisaxe de openfield (Valencia, España).



10. Paisaxe de bocage (Normandía, Francia).

2.2. Os sistemas de cultivo

- A forma mediante a que se obtén a produción reflíctese na paisaxe.
- Segundo o **grao de aproveitamento das leiras**, a agricultura pode ser intensiva ou extensiva.
 - A **agricultura intensiva** busca sacar o máximo proveito á terra.
 - Nos **países desenvolvidos**, emprega **técnicas modernas** que proporcionan un alto rendemento.
 - Nos **países en desenvolvemento**, como os campesiños practican unha **agricultura tradicional pouco ou nada tecnificada**, o aproveitamento intensivo da terra obtense con **man de obra abundante**, pero o rendemento é baixo.



- A **agricultura extensiva** practícase en **grandes leiras** que non se explotan na súa totalidade, senón que se deixa unha parte en **barbeito**, é dicir, sen sementar, para facilitar a recuperación da fertilidade do solo.
 - A produción é elevada porque existe moito terreo cultivable.
- Segundo a **procedencia da auga** para as plantas, diferenciamos dous tipos de cultivo na paisaxe agraria: o **de regadío** e o **de secaño**.
 - Os cultivos de regadío medran coa auga que se obtén a partir de **sistemas artificiais de rega** (canles, inundación, aspersión,...).
 - Os cultivos de secaño desenvólvense coa **auga que reciben da chuvia**.
- En función de **se existe variedade ou non de especies cultivadas** nunha explotación agrícola, distínguense o **monocultivo** e o **policultivo**.
 - Cando nunha explotación agrícola **só se cultiva un produto**, trátase de monocultivo.
 - Cando **se cultivan distintas especies vexetais** nunha mesma explotación agrícola, falamos de policultivo.

O **hábitat rural** refírese ao modo en que se distribúen os asentamentos humanos no campo. Pode ser disperso, concentrado ou mixto.

- No **disperso** as vivendas están diseminadas. Xunto a cada unha sitúanse os edificios, as terras de cultivo e os pastos.
- No **concentrado** as vivendas e os edificios agrúpanse formando unha aldea. Arredor, esténdense as terras de cultivo e os pastos.
- No **mixto ou intercalado** hai unha ou varias aldeas e certa poboación dispersa polo campo.

3. A agricultura das rexións desenvolvidas.

3.1. Características

Nos países que están máis desenvolvidos, a **revolución agrícola** que se iniciara a **finais do século XVIII** supuxo o **paso dunha agricultura de subsistencia a unha agricultura de mercado**, orientadas a venda.

Para obter o maior beneficio, esta agricultura presenta os **seguintes trazos**:

- **A especialización da produción.** Normalmente cultívase un único produto en cada explotación, o que simplifica o traballo e o uso de maquinaria e mellora os rendementos.
- **A mecanización dos labores agrícolas.** Permite reducir a man de obra e realizar as tarefas en menos tempo e cun custo menor.
- **O uso de avanzadas técnicas agrícolas.** Empréganse **fertilizantes**, sementes de elevado rendimento, produtos que proveñen e curan as enfermidades das plantas, cultívase en **invernadoiros** e en **terreos artificiais**... Ademais, os avances no campo da biotecnoloxía permitiron crear novas variedades de **cultivos modificados xeneticamente**, os chamados transxénicos.
- **Os sistemas de almacenaxe, transporte e comercialización a grande escala.** Facilitan que os produtos cheguen ata afastados mercados cun custo baixo.

A agricultura de mercado require **grandes investimentos** debido ao uso de técnicas agrícolas modernas, pero os custos vense compensados co **aumento da produtividade**, que permite producir máis cantidade e a menor prezo.

3.2. Efectos


A agricultura de mercado ten **importantes consecuencias sobre os prezos, o mercado e a distribución** dos produtos.

- **A alta produtividade xera excedentes** que provocan a **baixada dos prezos**. Deste xeito, os produtos compiten mellor no mercado.

Este tipo de agricultura presenta tamén algúns **efectos negativos**.

- O emprego abusivo de **fertilizantes químicos contamina os solos e as augas** dos acuíferos, que teñen unha **recuperación moi lenta**. A contaminación pode **afectar aos alimentos e á nosa saúde**.
- Os **modernos sistemas de rega** adoitan implicar un **elevado consumo de auga**, que implica a sobreexplotación dos acuíferos.
- Como **consecuencia da mecanización do campo**, experimentouse un progresivo proceso de **abandono dos núcleos rurais** e un **envellecemento da poboación** que permanece neles.

13. DISTRIBUCIÓN DA AGRICULTURA DE MERCADO



4. A agricultura das rexións en desenvolvemento.

- Nas rexións en desenvolvemento a agricultura ten aínda un peso moi importante.
- Nestes países conviven dous tipos de agricultura.
 - **A agricultura tradicional.** (de subsistencia).
 - **A agricultura de mercado.** As **grandes plantacións**.

4.1. A agricultura de subsistencia.

- A agricultura de subsistencia ten como principal obxectivo a obtención de alimentos para as familias campesiñas de escasos recursos e practícase en **pequenas explotacións**.
- Para aseguraren a alimentación durante todo o ano, **cultivan varios produtos** á vez.
- As **técnicas e as ferramentas** agrícolas que se empregan son **arcaicas**. Por iso, as tarefas agrícolas realízanse con moito esforzo e a **produtividade é moi baixa**.
 - **A agricultura depende moito dos factores físicos.**
- A agricultura de subsistencia comprende **distintos tipos**: e agricultura de rozas ou itinerante, a agricultura sedentaria de secano e a agricultura irrigada monzónica.

* A agricultura de rozas ou itinerante

- É a **forma de explotación máis arcaica**.
 - Practícase en **rexións da África ecuatorial, á conca do Amazonas, Centroamérica e o sur de Asia**.
 - A técnica para cultivar a terra consiste en
 - **aclarar unha zona do bosque** cortando as árbores e queimándoas.

- As **cinzas empréganse despois para fertilizar** o solo.
- Transcorrido un tempo, as **terras esgótanse e abandónanse**.

*** A agricultura sedentaria de secano.**

- Practicase en **zonas de sabana** mediante un sistema de **rotación de cultivos** (trienal).
 - Nunha parte da terra **cultívase cereal**.
 - Noutra parte, plántanse **produtos complementarios** (cacahuete, tubérculos. ..)
 - A **última déixase en barbeito**, é dicir, en descanso, e utilízase para que paza o gando.

*** A agricultura irrigada monzónica**

- Practicase no **leste de China, no sueste asiático e na costa de India**, onde as **chuvias causadas polos monzóns** provocan a **inundación** de extensas terras.
 - Nos terreos inundados **cultívase arroz, que é unha planta de alto rendemento**, pois produce varias colleitas ao ano
 - As **leiras teñen unhas dimensións reducidas** e a **man de obra que as traballa é numerosa**, xa que este tipo de agricultura está **moi pouco mecanizada**.

4.2. A agricultura de plantación.

- A agricultura de plantación **practicase nos países en desenvolvemento** de África e América Central e do Sur, en India e nos países do sueste asiático.
- A agricultura de plantación presenta as seguintes **características**:
 - Trátase dunha **agricultura de mercado destinada fundamentalmente á exportación**.
 - Practícase en **grandes explotacións controladas por multinacionais estranxeiras**, que obteñen grandes beneficios, que se benefician de **baixos custos de produción**.
 - As plantacións empregan **abundante man de obra local** (moitas veces temporal).
 - Os **salarios** destes traballadores **son baixos**.
 - Esixe un **grande investimento de capital**.
 - Habitualmente practícase o **monocultivo** (cacao, cana de azucre, café...).
 - Aplícanse **medios técnicos máis modernos** para conseguir unha **produtividade elevada**.
- Tamén produce **vantaxes para os países en desenvolvemento**.
 - Estas plantacións **activan a economía local, crean emprego** e promoven a **construción de infraestruturas** de transporte e de comercialización.
 - Introducen **técnicas de cultivo modernas** e **formas máis eficientes de organizar o traballo**.
- Pero a agricultura de plantación tamén provoca **efectos negativos**:
 - Os **beneficios económicos** quedan nas mans das **empresas estranxeiras**.
 - Os **campesiños non poden competir coas multinacionais** e moitos vense **obrigados a abandonar as súas terras e empregarse nas plantacións**.
 - Adoitan causar **graves impactos medioambientais**.



5. A gandaría.

5.1. A gandaría nos nosos días

A gandaría é a **cría de animais para o seu aproveitamento** (produción de carne, leite, ovos, coiro, la, mel...), **como forza de traballo** ou simplemente **para a reprodución**.

É unha **actividade complementaria da agricultura nas rexións en desenvolvemento e de alta rendibilidade nas rexións desenvolvidas**.

As **especies animais máis numerosas** son o **gando bovino, ovino, porcino e aviario**.

A **investigación científica** permitiu obter **razas selectas** e as **novas tecnoloxías incrementaron a produción e facilitaron o transporte dos produtos**.

É unha **actividade en crecemento**.

Non obstante, estes novos sistemas de explotación gandeira xeraron **certa polémica**.

- **Os refugos animais, os fertilizantes e pesticidas** usados nos cultivos forraxeiros, etc., **contaminan os solos, a atmosfera e as augas**.
- Témesse que esa **contaminación**, así como os **antibióticos e as hormonas** que se aplican aos animais, poidan **afectar negativamente a saúde das persoas**.
- Ademais, hai unha **corta abusiva de bosques para xerar prados** en que alimentar o gando: máis do 70% dos bosques cortados en Iberoamérica dedícase a pasteiros.

Por iso, **nos últimos anos, nos países desenvolvidos** estase apostando por unha **gandaría ecolóxica** respectuosa co medio ambiente

5.2. Gandaría sedentaria, nómade a transhumante. (Segundo o desprazamento do gando).

A gandería máis estendida é a **gandería sedentaria**, que é aquela en que o gando **non se despraza** para obter o alimento.

A **gandaría nómade** é a que **se despraza permanentemente** na procura de pastos; xunto ao gando trasládanse as persoas que se ocupan de coidalo.

Se o desprazamento do gando e estacional, no inverno cara aos vales e no verán cara ás montañas, falamos de **gandaría transhumante**.

5.3. Gandaría extensiva e intensiva. (Segundo o tipo de explotación).

* A **gandaría extensiva** desenvólvese en grandes explotacións: o gando **vaga polo campo e aliméntase de pastos** naturais. Este tipo de gandaría require poucos investimentos, pero a súa **produtividade é baixa**.

Os **gandos máis característicos** son o **bovino, o ovino e o caprino**, e os seus produtos destínanse á venda nos países desenvolvidos e ao autoconsumo nos países menos desenvolvidos.

* A **gandaría intensiva ou industrial** lévase a cabo en **explotacións especializadas nunha determinada especie**.

O gando **permanece estabulado**, é dicir, críase en cortes onde se **controla a súa alimentación, saúde e engorde**. Ás veces créanse unhas **condicións** de temperatura, luz e humidade **artificiais para aumentar a produción** no menor tempo posible.

En ocasións, o gando **aliméntase tanto de pastos naturais coma de plantas forraxeiras e pensos**.

A gandaría intensiva incrementou a produción, pero tamén causa **problemas medioambientais** e malestar aos animais.

Nos **países desenvolvidos** a gandaría responde ás **esixencias do mercado**. Os avances tecnolóxicos transformaron profundamente as explotacións gandeiras.



22. Gandaría extensiva.



23. Gandaría intensiva.

6. A pesca e a acuicultura.

6.1. A situación do sector pesqueiro no mundo

A pesca é a **captura en mares, ríos e lagos de peces e outros animais** acuáticos, algas e outras plantas. **China é o país con maior produción pesqueira**. Séguenlle Indonesia, Perú, India, Rusia, EEUU e Vietnam. Estes sete países realizan **case a metade das capturas** pesqueiras mundiais. **A produción pesqueira foi en aumento a medida que o facía o consumo** (de 9 a 20 quilos nos últimos 60 anos), o que **incrementou o comercio internacional** de produtos pesqueiros. **China é o principal exportador**, seguido de Noruega e Vietnam. Os **maiores importadores** son a **Unión Europea, Estados Unidos e Xapón**.

O **aumento descontrolado das capturas** pesqueiras ha provocado a **diminución de poboacións de peces** e que a **supervivencia** de certas especies atópese **ameazada**.

6.2. A pesca mariña.


En 1982, a ONU **recoñecía o dereito dos países costeiros** a dispoñer dunha **zona de augas territoriais** que se estendía **200 millas (370 km)** mar dentro. Nesta zona a súa frota **pode faenar libremente** e, tamén, os barcos doutros países cos que se **estableza acordos pesqueiros**.

As capturas pesqueiras obtéñense do mar; só en torno ao **13 % proveñen de augas continentais**.

Tipos de pesca mariña.

Segundo onde se realicen as capturas, distinguimos **tres tipos** de pesca:

- A **pesca litoral** lévase a cabo **xunto á costa**, en **pequenas embarcacións e con métodos artesanais**.
As capturas destínanse ao **autoconsumo e ao mercado local**.
- A **pesca de baixura** realízase **próxima á costa**, en embarcacións **pequenas ou medianas** equipadas con **distintos aparellos de pesca** en función das especies que se queira capturar. Normalmente, as **bodegas** destes barcos están **preparadas para conservar as capturas**. Practícase durante un período de tempo **non superior a un día**.
- A **pesca de altura** realízase **en mar aberto**, con **barcos de gran tonelaxe** equipados con **modernos instrumentos técnicos** para detectar e coñecer o tamaño dos bancos de peixes.
 - Utilizan **diversas artes de pesca**, como o **palangre**, o **cercos** ou o **arrastre**.
 - Moitos barcos contan con **instalacións para limpar, cortar, empacar e almacenar as capturas conxeladas**.
 - Son **buques factoría**, preparados para **campañas de semanas ou meses**.



6.3. Os caladoiros

Os caladoiros son as zonas en que **se concentran as especies pesqueiras**, zonas **boas para as capturas**. Os mellores caladoiros localízanse nas **plataformas continentais**, onde se cría o **plancto**, pequenos organismos que serven de alimento a moitos peixes.

Actualmente, as **capturas pesqueiras son excesivas** en relación cos **recursos dispoñibles**.

- Isto provoca a **sobreexplotación** dos caladoiros e, polo tanto, pode supoñer o seu **esgotamento e a desaparición de especies**.
- Para paliar esta situación, **os gobernos adoptaron medidas** que perseguen unha **explotación sustentable** do medio mariño, como:
 - prohibir algunhas técnicas pesqueiras (por exemplo, o arrastre),
 - reducir o número de capturas,
 - controlar o tamaño das especies capturadas.
 - establecer temporadas de descanso biolóxico.

6.4. A Acuicultura.

Nalgúns países practícase desde hai moito tempo a **acuicultura**, que é a **cría de organismos animais e vexetais acuáticos en cativeiro**.

No 2020, o **46 % da produción** pesqueira mundial procedía da acuicultura, e se estima que **superará o 50 % no 2030**. Os **principais países acuicultores** son: Exipto, Chile, India, Indonesia, Vietnam, Bangladesh e Noruega.

A acuicultura **permite evitar a extinción de especies** (peixe, marisco...) por sobreexplotación pero non están exentas de problemas ambientais.



27. PRINCIPAIS CALADOIROS MUNDIAIS

UNIDADE 5.

Sector Secundario: Minería, enerxía e industria

1. A explotación dos recursos naturais: a minería.

1.1. Os recursos naturais e a súa explotación.

Chamamos **recursos** aos produtos naturais que poden proporcionar unha utilidade ou beneficio ao ser humano, como os minerais, o solo, a auga doce, os bosques, o Sol,...

A explotación dos recursos depende, sobre todo, de **tres factores** que están relacionados entre sí:

- O **desenvolvemento tecnolóxico**.
- O **custo da súa explotación**.
 - O beneficio que proporcione ese recurso ten que ser maior ca o custo da súa explotación.
 - As novas técnicas de extracción permitiron aumentar a rendibilidade das explotacións.
- O **comportamento dos mercados**.

Os recursos **distribúense de forma desigual no planeta**, e moitos dos grandes produtores son países pouco desenvolvidos.

A disparidade entre zonas produtoras e consumidoras **xerou un intenso comercio**.

1.2. A actividade mineira


Entre os recursos naturais están os **minerais**.

Un mineral é unha **substancia natural inorgánica**, cunha composición química determinada, que se encontra na codia terrestre **formando parte das rochas**.

Cando os minerais se encontran en concentracións elevadas nun lugar, falamos de **xacementos**.

A **minaría** é o conxunto de actividades necesarias para extraer os minerais dos xacementos.

É unha actividade do sector primario porque obtén produtos da natureza, pero vincúlase ao sector secundario ao ser unha fonte imprescindible de materias primas para a industria e a construción.




1.3. A situación actual da minaría

O ser humano practicou a minaría desde tempos remotos. Foi coa **Revolución Industrial**, finais do século XVIII, cando esta actividade experimentou un gran crecemento, paralelo ao desenvolvemento da industria.

Na actualidade, para manter o crecemento económico das sociedades requírense cada vez máis materias primas

A minaría implica varios **problemas** que deben solucionarse:

- Ten un **grande impacto medioambiental**: destrúe a paisaxe e contamina os solos e a auga.
- Un consumo excesivo dos minerais pode chegar a **esgotar os xacementos**.
- Nos países menos desenvolvidos **provoca conflitos armados e desequilibrios sociais**.



4. LAS FUENTES DE ENERGÍA A LO LARGO DE LA HISTORIA

En la Prehistoria	3100 a. C.	2000 a. C.	Siglo III a. C.	Siglo VII	1769
El ser humano descubre cómo encender el fuego.	Los egipcios utilizan la energía del viento para navegar a vela.	En China se empieza a usar el carbón mineral para cocinar.	Aparecen los primeros molinos hidráulicos en Grecia.	Se generaliza el uso de molinos de viento en Persia.	James Watt patenta la primera máquina de vapor.
1807	1859	1880	1954	1956	
En Europa aparecen los primeros faroles de gas para el alumbrado público.	En Estados Unidos brota crudo del primer pozo de petróleo moderno.	En Northumberland, Inglaterra, se instala la primera central hidroeléctrica.	En Rusia, se inaugura la primera central nuclear para producir energía eléctrica.	Se comercializan las primeras placas solares fotovoltaicas, aplicadas a pequeños artefactos.	

2. As fontes de enerxía.

2.1. Clasificación das fontes de enerxía.

- As fontes de enerxía clasifícanse segundo **diferentes criterios**:
 - **Atendendo á súa duración**, distínguense entre enerxías renovables e non renovables.
 - As enerxías **renovables** son as que **non se esgotan** co seu uso ou que **poden recuperarse** de forma natural se se utilizan a un ritmo adecuado.
 - Por ex. enerxía hidráulica, solar, eólica, mareomotriz, xeotérmica e da biomasa.
 - **Chamadas enerxías alternativas** e utilízanse desde hai relativamente pouco.
 - As **non renovables** son as que existen nunha determinada cantidade e **non poden repoñerse a curto prazo**.
 - É o caso do uranio, do carbón, do petróleo e do gas natural.
 - Estas fontes de enerxía son denominadas **enerxías tradicionais**. Úsanse desde hai moito tempo.
 - **En función de onde se obteñan**, diferenciamos entre enerxías primarias e secundarias.
 - As **primarias** son as que se obteñen **directamente da natureza**, como os combustibles fósiles (carbón, petróleo), o uranio e as enerxías renovables (solar, eólica,...).
 - As **secundarias** son as que se producen **a partir dunha enerxía primaria**, como a electricidade e os combustibles derivados do petróleo (gasolina, gasóleo, etc.).

2.2. Os desequilibrios entre produción e consumo.


- O panorama enerxético mundial caracterízase por unha **desigual distribución** da produción e do consumo.
 - Os **países da OPEP** están entre os **grandes abastecedores** mundiais de hidrocarburos.
 - Polo contrario, potencias industriais como **Xapón e a Unión Europea** son **deficitarias**, pois presentan un baixo nivel de produción e unhas necesidades enerxéticas moi altas.
 - **Estados Unidos** é, á vez, un dos **principais produtores e consumidores** mundiais de enerxía. Xunto a **Canadá**.
 - Nos últimos anos, aos tradicionais consumidores de enerxía sumáronse os **países emerxentes** de recente industrialización, entre os que se encontran China e India.
- No **século XXI** prevese que o **consumo de enerxía estea en constante aumento**.
- Algúns dos **desafíos** do sistema enerxético son:
 - atender ás **necesidades crecentes** da poboación mundial,
 - **promover a eficiencia** enerxética e **apostar polas enerxías renovables**, investindo en tecnoloxía para superar as súas principais limitacións:
 - o desenvolvemento de **novas formas de almacenaxe** e o xeito de **transportar a enerxía**.

SABER MÁIS

A OPEP

A Organización de Países Exportadores de Petróleo (OPEP) fundouse en 1960. Hoxe fórmana 12 países: Angola, Arabia Saudita, Alxeria, Ecuador, Emiratos Árabes Unidos, Libia, Nixeria, Irán, Iraq, Kuwait, Qatar e Venezuela.

O obxectivo é estabilizar os prezos do petróleo e eliminar variacións prexudiciais.




3 Enerxías non renovables.

3.1. O petróleo e o gas natural.

- Son **combustibles fósiles non renovables**.
 - Orixináronse pola **descomposición de organismos vivos no fondo dos océanos** nun proceso que dura millóns de anos.
 - Consumímolos máis rápido ca o que tardan en xerarse.
- Dos xacementos petrolíferos extráese **petróleo cru**, do que se obteñen numerosos derivados,
 - principalmente **combustible**
 - tamén serve para producir **electricidade**
 - **materias primas industriais**.
- O **gas natural** ten aplicacións en todos os sectores económicos, incluído o fogar.
- As **maiores reservas de petróleo** (o que se pode extraer de maneira rendible e coa tecnoloxía actual) localízanse no golfo Pérsico, Venezuela e Canadá.
- As reservas **de gas** teñen unha distribución máis diversificada, aínda que destacan a rexión de Oriente Medio e a Federación de Rusia.
- A **demanda de petróleo triplicouse** nos últimos cincuenta anos.
- Os **maiores consumidores** son os países industrializados e os máis poboados:
 - Estados Unidos ocupa o primeiro posto, seguido de China e Xapón.
- O consumo de **gas natural incrementouse** desde a crise do petróleo de 1973, ata cubrir a cuarta parte do consumo enerxético mundial na actualidade.

7. DERIVADOS DO PETRÓLEO



- Estes recursos xeran dous **problemas**:
 - **danos medioambientais**, asociados sobre todo ao petróleo. e
 - **dependencia enerxética** dos países industrializados respecto dos países produtores, que os fai vulnerables fronte ás decisións que tomen. como o aumento dos prezos do cru.

3.2. O carbón.

O carbón é un **combustible fósil** formado a partir da **descomposición** de restos vexetais en **augas pouco profundas**.

Foi o combustible por excelencia do século XIX e a fonte de enerxía máis utilizada ata mediados da seguinte centuria, cando comezou a ser desprazado polo petróleo e polo gas natural. Pero segue sendo unha das enerxías máis consumidas.

O carbón é o **combustible fósil máis abundante** e o que conta cunha maior dispersión xeográfica. As **principais reservas** encóntranse en China, na Federación de Rusia e América do Norte e estímase que, co actual consumo, poden durar algo máis de 100 anos.

O seu **principal problema** é o enorme impacto ambiental que causa en todas as súas fases de produción.

3.3. O uranio

A enerxía nuclear orixínase a partir dun proceso de **fisión** en que se desintegran átomos de **uranio**, un elemento químico presente na natureza en cantidades limitadas.

Para ser utilizado, o uranio require un proceso de **enriquecemento**; cunha tecnoloxía que está restrinxida a uns poucos países.

A enerxía liberada polo uranio produce calor; que se transforma en electricidade nunha central nuclear.

Só catro países poseen o **60 % das reservas mundiais de uranio**: Australia (30 %), Kazajstán (14 %), Canada y Rusia (8 % cada un).

Os **principais produtores** son países desenvolvidos como Estados Unidos, Francia e Xapón, aos que se sumaron nestes últimos anos China e India.

O uso desta enerxía xerou **movementos de protesta** que denuncian o **problema do almacenamento dos residuos radioactivos** e o risco dun **accidente nuclear**.

Con todo, tamén conta con **defensores**, que argumentan que a enerxía nuclear **non emite gases** nocivos á atmosfera.

3.4. A produción de electricidade.

- A electricidade e a **enerxía secundaria** máis utilizada..
- A partir de calquera das **enerxías primarias xérase electricidade** nas centrais hidroeléctricas (auga), térmicas convencionais (carbón), nucleares (uranio), parques eólicos (vento), hortos solares (sol)...
- É unha enerxía **imprescindible** polas súas múltiples aplicacións e ten moitas **vantaxes**.
 - É **moi versátil**, pois pode converterse en luz, calor ou movemento e pode aplicarse a calquera actividade.
 - É unha **enerxía limpa e silenciosa** no lugar de consumo e é **facilmente transportable**.
- Pero ten o **inconveniente de non ser acumulable**, polo que a produción de electricidade e a rede **deben adaptarse á demanda** para evitar problemas de abastecemento ou de sobrecarga na rede.

4. Enerxías renovables.

Os **problemas** de esgotamento, de contaminación e de dependencia exterior que supoñen as fontes de **enerxía non renovables** levaron a desenvolver técnicas que permiten obter enerxía a partir de **fontes inesgotables e máis respectuosas co medio ambiente** como o sol, a calor interna da Terra, o vento ou as mareas.

Estas enerxías denominámolas renovables porque continuarán activas durante millóns de anos.

Estas enerxías son: **hidráulica, eólica, solar, biomasa, xeotérmica e mareomotriz**.
Na actualidade, as enerxías renovables están experimentando un **rápido crecemento**.
As **causas** son varias:

- O **descenso dos custos** tecnolóxicos,
- O **encarecemento dos combustibles** fósiles,
- O pagamento dun **canon** por emisións de CO₂
- Sobre todo, as **subvencións** que dan os gobernos para impulsalas.

O seu uso presenta **dúas grandes vantaxes**.

- A diferenza dos combustibles fósiles, que só se encontran nunhas zonas determinadas, estas enerxías **están dispoñibles**, en maior ou menor medida, **en todo o mundo**.
- A segunda vantaxe é o seu **lixeiro impacto ambiental**.

Con todo, tamén ten algúns **inconvenientes**

- A descontinuidade ou **irregularidade na súa subministración** e a **difícil almacenaxe** da enerxía producida.

A participación das enerxías renovables na produción enerxética aumenta ano a ano

As **principais** enerxías renovables son.

- **Enerxía hidráulica**. Esta enerxía aproveita a forza da **caída da auga** para xerar **electricidade**. Os principais países produtores son China, Brasil e Canadá.
- **Enerxía eólica**. O **vento** converteuse nun importante recurso para producir **electricidade**. Os países con maior produción de enerxía eléctrica a partir do vento son China, Estados Unidos, Alemaña e España.
- **Enerxía solar**. Hoxe en día podemos aproveitar a **enerxía do sol** captando a **calor** para producir **enerxía solar termica** ou a **luz**, mediante paneis, para producir **electricidade**. Os grandes produtores de electricidade a partir de enerxía solar son Alemaña, Italia e España.
- **Enerxía de biomasa**. Prodúcese a partir da transformación de **materia orgánica** en **enerxía calórica** ou **electricidade**. Pode converterse en **combustible sintético** (biodiesel). Francia é o maior consumidor de biomasa na Unión Europea e Brasil, o principal produtor de etanol.
- **Enerxía xeotérmica**. A enerxía xeotérmica aproveita a **calor interna da Terra** para producir calor ou electricidade. Estados Unidos lidera a produción mundial desta enerxía.
- **Enerxía mareomotriz**. Utiliza o movemento de **ascenso e descenso das mareas**. Sihwa Lake, en Corea do Sur, é a maior instalación mareomotriz do mundo.

5. Nacemento e desenvolvemento da industria.

5.1. Que é a industria.

A industria inclúe todas as **actividades que teñen como fin transformar** un recurso natural, a materia prima, nun produto elaborado.

É a actividade económica **máis importante** do sector secundario.

Aínda que o ser humano empezou a fabricar útiles de distinto tipo xa na prehistoria, **só se pode falar de industria cando** se dan unha serie de condicións:

- No proceso de transformación úsanse **máquinas e enerxía**.
- Realízase en espazos pechados, **as fábricas**, nas que se concentra gran número de traballadores, os obreiros industriais.
- **Elabóranse grandes cantidades de produtos**.

A industria está **moi ligada ao desenvolvemento**, pois a industrialización foi e é un factor que promove o crecemento económico.

Os **países máis ricos** e desenvolvidos son Estados cun **tecido industrial consolidado**, mentres que os **países menos desenvolvidos** contan cunha **industria escasa ou deficiente**.

5.2. Tipos de industrias.

As industrias **clasifícanse segundo dous criterios**:

- Polo seu **grao de innovación e desenvolvemento tecnolóxico** distínguense **industrias maduras** e **industrias de tecnoloxía punta**.

- **Industrias como a téxtil, a siderúrxica ou a naval** considéranse **maduras**, aínda que a comezos da industrialización foron adiantadas.
 - Hoxe, **son avanzadas as relacionadas coa biotecnoloxía, coa microelectrónica, coas telecomunicacións e coa robótica**, que requiren maior investimento en investigación.
- Polo **destino dos produtos** diferénciase entre **industrias de base, industrias de bens de equipo**, que fabrican produtos necesarios para o desenvolvemento doutras industrias, e **industrias de bens de consumo**, cunha produción que se destina á venda directa aos consumidores.

TIPO DE INDUSTRIA	QUE FABRICAN?	PRINCIPAIS INDUSTRIAS
<u>De base</u>	Toman a súa materia prima da natureza e convértena en produtos semielaborados (aceiro, aluminio, cobre, fibras...), que serán as materias primas doutras industrias.	<ul style="list-style-type: none"> • Siderúrxica • Metalúrxica • Química de base, como a petroquímica • Cementeira
<u>De bens de equipo</u>	A partir dos produtos semielaborados das industrias de base fabrican produtos que utilizarán outras empresas.	<ul style="list-style-type: none"> • Maquinaria e motores • Equipos e material de transporte • Material de construción
<u>De bens de consumo</u>	Elaboran produtos para o consumo que se poden adquirir directamente en tendas.	<ul style="list-style-type: none"> • Alimentaria • Téxtil • Automobilística • Electrónica de consumo • Química lixeira • Industria do moble

6. Os trazos do sistema industrial actual.

Apartir da década de 1970, tras a crise do petróleo, naceu un **novo modelo** de produción industrial, o modelo posfordista, baseado en:

A importancia da investigación.

O desenvolvemento de **novas tecnoloxías e novas industrias** (informática e telecomunicacións, biotecnoloxía,, nanotecnoloxía e microelectrónica...); fixo que hoxe en día, as empresas industriais teñan que destinar unha porcentaxe importante do seu capital á **investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica** (I+D+i). Só evolucionando constantemente poden manterse e ser competitivas.

A automatización e o emprego.

O sistema de produción será cada vez máis flexible, automatizado e especializado.

A industria tende a utilizar **sistemas automáticos de produción**, nos que as **máquinas e robots** realizan as tarefas mecánicas, substituindo a man de obra.

O **obxectivo é rebaixar os custos de produción**, mellorando a produtividade. Isto ten importantes **consecuencias**:

- Coas máquinas a produción industrial aumenta pero a necesidade de man de obra e menor e o **emprego industrial redúcese**.
- O **emprego industrial mellora a súa calidade**, xa que se precisan técnicos e profesionais **moi cualificados**. O número de empregos non cualificados reduciuse enormemente.

A terciarización industrial

Para mellorar a calidade dos produtos e ser máis competitivos, as industrias desenvolven **servizos periféricos** non relacionados directamente co proceso de fabricación, pero que son considerados **básicos** para o bo funcionamento empresarial.

Son actividades como o **mercadotecnia, a loxística, o deseño, a investigación...** que **pertencen ao sector terciario**, pero que están integradas no proceso industrial.

Fálase, entón, dunha **terciarización da industria**, que busca, entre outras cousas, a satisfacción dos **gustos individuais** de cada consumidor.

A descentralización da produción.

A descentralización produtiva consiste en **desprenderse dalgunha fase da produción ou dalgunha actividade da empresa.**

- Unha empresa pode, simplemente, **subcontratar** ou alcanzar **acordos de cooperación** con outras **empresas especializadas** en determinadas actividades (mercadotecnia. Deseño...).
- Tamén pode **localizar as distintas fases da produción en diferentes territorios**, aproveitando as vantaxes que ofrece cada un. Isto vai supoñer a incorporación dos **países emerxentes** ao desenvolvemento industrial.

O crecemento das industrias multinacionais.

Unha **multinacional** é unha **grande empresa** que ten **filiais** ou establecementos **en moitos países**. Xeralmente comeza desenvolvéndose nun país e, cando se consolidou, empeza a operar nos mercados internacionais.

7. Novos factores de localización industrial.

A localización dunha industria nun determinado lugar depende dunha serie de factores.

O peso destes **varía co tempo** e é maior ou menor segundo o tipo de industria ou a actividade.

Na actualidade, os **factores máis relevantes** están directamente ligados á globalización económica, á nova división do traballo e ao importante desenvolvemento das telecomunicacións.

FACTORES DE LOCALIZACIÓN DUNHA INDUSTRIA

Acceso á innovación e á información	É un factor esencial, particularmente para as industrias de tecnoloxía punta, que tenden a situarse en espazos industriais moi consolidados, cunha boa rede de comunicacións, servizos ás empresas e proximidade a centros universitarios ou de investigación.
Proximidade a outras industrias similares ou complementarias	Permite reducir custos e compartir servizos e infraestruturas. A aglomeración de empresas materialízase na creación dos polígonos industriais e parques empresariais e tecnolóxicos.
Boas comunicacións	Unhas infraestruturas completas e de calidade facilitan a chegada das materias primas e a saída da produción cara aos puntos de venda. Por iso, as fábricas adoitan situarse en lugares ben comunicados, xunto ás principais autoestradas e autovías.
Capital	É un factor clásico fundamental. Sen investimento non hai industria.
Proximidade aos mercados	Foi un dos factores clave da localización industrial no século xx. Mantén a súa importancia para as industrias de bens de consumo e, sobre todo, para as de produtos perecedeiros.
Dispoñibilidade, custo e cualificación da man de obra	Hai algunhas ramas industriais en que o traballo manual segue sendo moi importante. Nestes casos, as industrias tenden a localizarse en áreas ou países con man de obra abundante e barata. Polo contrario, as industrias avanzadas necesitan poucos traballadores, pero moi cualificados. Por iso se sitúan en países cunha poboación altamente formada, aínda que os seus salarios sexan elevados.
A proximidade aos recursos enerxéticos e materias primas	Foron os factores máis decisivos durante a primeira Revolución Industrial, xa que o transporte era caro e as infraestruturas escasas. Hoxe a súa influencia é moi secundaria para a maioría das industrias.
Factores medioambientais	O impacto medioambiental que causan moitas industrias levou a unha localización das máis contaminantes en zonas pouco poboadas ou en países cunha lexislación máis permisiva.
Outros factores	Por exemplo, o prezo do solo , que condiciona ás industrias que necesitan unha maior superficie, e o papel do Estado , que intervén a través de políticas de axudas, como subvencións e exencións fiscais.

8. O proceso de deslocalización e o actual retorno.

a. A deslocalización industrial

Supón o traslado de parte ou todas as actividades produtivas dunha empresa dun país a outro. Toman esta decisión guiándose polo obxectivo do **mínimo custo e máximo beneficio**.

Tres **factores** fixérona posible:

- A **apertura dos países emerxentes e a internacionalización dos mercados**.
- O **desenvolvemento das novas tecnoloxías da información**, que permiten a comunicación dunha punta a outra do planeta en tempo real.
- O **abaratamento dos medios de transporte**.

No proceso de deslocalización industrial pódense distinguir **dúas fases**:

- Na primeira, deslocalizáronse empresas **para países emerxentes**, como China e India.
- Na actualidade, os emerxentes están deslocalizando parte da súa produción industrial a **outros países en desenvolvemento**, como Vietnam.

A deslocalización **afecta** máis a **procesos** que necesitan **moita man de obra e a industrias de baixa tecnoloxía** (industrias téxtil, a automobilística e certas industrias de base). Pero, nos últimos anos, estanse a desprazando **actividades de I+D+i**. O **impacto** é diferente segundo os países:

- **Consecuencias nas economías desenvolvidas:**
 - a **perda de empregos directos e indirectos**, a **precarización das condicións laborais e o peche** dalgúns plantas.
 - as empresas **abarataron** bastante os seus produtos manufacturados, o que as fixo **máis competitivas**.
- **Consecuencias nas economías en desenvolvemento:**
 - Efectos **positivos**, como a **creación de emprego e o aumento dos ingresos**.
 - Efectos **negativos**, como a **explotación laboral** ou a **contaminación excesiva**, debido a lexislacións medioambientais moi permisivas.



b. O retorno dalgunhas industrias.

Recentemente, algunhas empresas dos países máis avanzados iniciaron unha **relocalización ou volta a casa de fabricas** que deslocalizaran, principalmente a China.

A suma destes **catro motivos** explica:

- O **aumento dos salarios nos países asiáticos** que acolleron fabricas deslocalizadas; no caso de **China, máis dun 60 %** de media nas cidades entre 2000 e 2019. Isto **menoscabou o seu atractivo como destino da deslocalización** para as empresas occidentais, excepto para as que a proximidade ao enorme mercado chinés séguelles compensando.
- Os **avances tecnolóxicos nos procesos de produción** dos países máis desenvolvidos, que **permiten aumentar a produtividade e compensar así uns custos** en principio máis elevados.
- Os **incentivos fiscais** nos seus países de orixe.
- A **proximidade ao mercado de consumo**, que favorece unha **rápida adaptación aos cambios na demanda**.

Este **retorno, que empeza a ser significativo**, está **condicionado** polo tamaño e a actividade da empresa, pero sobre todo **polo gasto que supón a man de obra** no custo total da produción, pois os **salarios seguen sendo máis altos nos países avanzados**.

9. As potencias industriais.

A **produción industrial** no mundo presenta **grandes desequilibrios xeográficos**.

Uns **poucos países concentran un 85 % da produción total**. Ás **grandes potencias tradicionais** (Estados Unidos, Europa e Xapón) súmanse **novos países emerxentes** e, en especial, os **BRICS**, que xuntos contribúen cun 27% da produción industrial mundial.

9.1. China, primeira potencia industrial.

Como consecuencia da deslocalización, **China converteuse na primeira potencia industrial do mundo**.

O crecemento industrial chinés débese a unha serie de **factores**:

- O **cambio da política económica**. O goberno favoreceu a **liberalización económica ca privatización empresarial** e o asentamento de grandes empresas estranxeiras.
- A **abundancia de recursos naturais** e unha **man de obra abundante e barata**.
- As **principais ramas industriais** son as seguintes:
- Algunhas **industrias estratéxicas**, como a **electrónica**. Un terzo da produción electrónica do mundo é fabricado por China,
- As **industrias de base** (química, aceiro, maquinaria e industria de cemento) teñen un gran peso.

Entre as **de bens de consumo** destacan a téxtil, os xoguetes, a automobilística, a alimentaria...

A industria concéntrase nas áreas costeiras, arredor de **Xanghai, Beijing** (Pequín) ou **Hong-Kong**.

9.2. As potencias industriais tradicionais.

Estados Unidos quedou relegado ao segundo posto do mundo en produción industrial. As principais áreas industrializadas localízanse arredor dos **Grandes Lagos**, o **golfo de México** e a **costa do Pacífico**. A **produción** está **moi diversificada**, e destacan as industrias tradicionais automobilística, química, siderúrxica e alimentaria, e outras de alta tecnoloxía como a industria aeroespacial, a electrónica e as de telecomunicacións.

Xapón é a terceira potencia industrial, a pesar de ter poucos recursos naturais. Encóntrase entre os primeiros produtores de automóviles, equipos electrónicos, barcos e aceiro. A principal rexión industrial é o **eixe Toquio-Yokohama**.

19. VALOR DA PRODUCCIÓN INDUSTRIAL



Alemaña, Reino Unido, Francia e Italia son importantes potencias industriais e membros da UE, que é unha das grandes rexións industriais do mundo.

9.3. Outras potencias.


India está experimentando un acelerado crecemento industrial. A industria téxtil e a máis importante do país. Tamén son importantes as de aceiro, petroquímica, farmacéutica, automobilística e servizos de software.

Brasil é a primeira economía de Iberoamérica. A zona máis industrializada esténdese desde São Paulo a Río de Janeiro e Belo Horizonte. As principais industrias son a automobilística, naval, aeronáutica e farmacéutica.

Suráfrica é a principal economía de África. O desenvolvemento industrial susténtase sobre unha importante minaría e é líder na fabricación de combustibles sintéticos.

Outras **potencias emerxentes de segundo nivel** convertéronse en destino da deslocalización nos últimos anos. A maioría sitúase en Iberoamérica (México) e Asia (Turquía, Malaisia, Vietnam, etc.). Na área do Pacífico destacan os chamados "**dragóns asiáticos**" (Singapura, Corea do Sur,...) e o sueste australiano. Son dúas zonas con desenvolvemento industrial avanzado.

21. ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL



20. COMPOSICIÓN DO PIB POR SECTORES

	Primario	Secundario	Terciario
Países desenvolvidos			
EUA	1,1%	19,2%	79,7%
Xapón	1,1%	26,3%	72,6%
Alemaña	0,8%	28,0%	71,2%
BRICS			
Brasil	5,2%	26,3%	68,5%
F. de Rusia	3,9%	36,0%	60,1%
India	17,4%	26,1%	56,5%
China	10,1%	45,3%	44,6%
Suráfrica	2,6%	29,3%	68,1%
Outras potencias industriais			
México	4,1%	34,2%	61,7%
Paquistán	20,1%	25,5%	54,4%
Singapura	0%	26,8%	73,2%

TEMA 6. O SECTOR TERCIARIO.

1 As actividades de servizos


1.1. A importancia dos servizos

Servizos son as actividades que **non producen bens materiais** e que van destinadas a atender as necesidades das persoas e das empresas.

O sector servizos, ou sector terciario, cobrou **cada vez máis importancia** desde o século XX, tanto polo seu volume económico coma pola cantidade de traballadores que emprega.

De feito, estase producindo unha **terciarización da economía e do emprego**.

En xeral, **a máis desenvolvemento, maior importancia do sector servizos**.



1.2. Tipos de servizos.

Os servizos pódense clasificar en **dous grandes grupos**:

- **Servizos públicos:** fináncios **o Estado** co diñeiro que recada dos **impostos**.
 - A súa finalidade é organizar o funcionamento da sociedade (administración, seguridade. . .) e **satisfacer as necesidades básicas da poboación** (sanidade, educación, xustiza,...), aínda que non se obteñan beneficios.
- **Servizos privados:** ofrécenos **empresas privadas** ou persoas particulares e páganos os consumidores
 - A principal finalidade das persoas que os prestan é obter un **beneficio económico**.
 - Estes **servizos son moi diversos:** comerciais, de transporte, sanitarios, educativos, culturais, de enxeñaría e telecomunicacións, etc.

DESCUBRE

A importancia dos servizos públicos

Os servizos públicos satisfán necesidades de interese xeral, **imprescindibles para o ben común** (servizos educativos, sanitarios, culturais, de defensa...).

Deben ofrecerse **de forma regular e continua**, e **antepoñer o benestar social ao beneficio económico**.

Nos **países desenvolvidos**, o Estado faise cargo de gran parte destes servizos.

É o que chamamos **Estado de benestar**.

Nos **países en desenvolvemento**, en cambio, os servizos públicos son deficientes e non chegan a toda a poboación.

1.3. A deslocalización dos servizos

Tradicionalmente, os servizos concentráronse **nas áreas urbanas**, onde hai maior número de consumidores, empresas e actividades administrativas do Estado.

- Os servizos **mais cualificados** e avanzados adóitanse localizar en **grandes áreas metropolitanas** formando distritos de negocios.
- Mentres que **os servizos das administracións públicas**, os servizos sociais e o comercio encóntranse **máis dispersos** polo territorio.

O **desenvolvemento das comunicacións e do transporte** provocaron importantes cambios na localización dos servizos.

Permitiron que empresas dos países desenvolvidos **trasladen** algúns dos seus servizos a países menos desenvolvidos, onde a man de obra é mais barata.

Así, estamos asistindo a unha **deslocalización dos servizos**.

2. O comercio: factores e tipos.

2.1. Os factores da actividade comercial.

O comercio é o **conxunto de actividades de intercambio** de bens e servizos entre os **produtores** e os **consumidores**.

É unha das actividades económicas **máis importantes** por volume de negocio e empregos que xera.

A súa **achega ao PIB é proporcional ao desenvolvemento e á riqueza do país**.

Os **factores** que máis inflúen na actividade comercial son tres:

- O **desenvolvemento dos transportes e das súas infraestruturas**.
 - Uns medios de transporte modernos e unha boa rede de comunicacións favorecen os intercambios comerciais ao **facilitar o contacto** entre fabricantes ou produtores e consumidores.
- A **densidade de poboación**.
 - Onde hai máis poboación, aumentan as posibilidades de mercado.
- O **nivel adquisitivo das persoas**. A maior nivel, máis consumo.

Por estes motivos, **as cidades concentran gran parte da actividade comercial**, pois presentan maior densidade de poboación, maior renda per cápita e mellores redes viarias.

2.2. Comercio interior e comercio exterior.

Existen **dous tipos de comercio**: o comercio interior e o comercio exterior.

O **comercio interior** comprende as actividades comerciais que se realizan **dentro das fronteiras** dun país.

Normalmente, no circuíto comercial **interveñen dous tipos de intermediarios** comerciais:

- Os **comerciantes polo miúdo ou retalistas**. Son comerciantes que venden directamente ao consumidor en cantidades pequenas.
- Os **almacenistas ou comerciantes por xunto**. Son comerciantes ou empresas que compran grandes cantidades aos produtores para vendelas despois aos comerciantes polo miúdo.
 - Os produtos adóitanse **almacenar en mercados centrais**, onde acoden os comerciantes polo miúdo a adquirilos.

O **comercio exterior** comprende as actividades comerciais que se realizan **entre países**.

As compras de produtos estranxeiros chámanse **importacións** e os produtos que se venden a outros países son as **exportacións**.

A **diferenza** entre exportacións e importacións reflíctese na **balanza comercial**.

5. A BALANZA COMERCIAL



Se un país exporta máis ca o que importa, a súa balanza comercial é **positiva**.



Se un país exporta menos ca o que importa, a súa balanza comercial é **negativa**.

2.3. A organización do comercio mundial.

O comercio mundial esta **regulado por acordos** que se establecen **entre os países e na Organización Mundial do Comercio (OMC)**, a que pertencen case todos os Estados do mundo.

O **obxectivo** desta organización é **lograr acordos que faciliten o comercio internacional, eliminando barreiras comerciais** (redución de aranceis) e prácticas desleais (por exemplo, vender a prezos mais baixos que os de produción).

Para facilitar e favorecer o comercio, moitos países únense formando **bloques comerciais**.


Estes poden ser de **dous tipos**:

- **Área de libre comercio.** É unha zona integrada por distintos países onde o comercio dos seus bens esta **exento do pago de taxas aduaneiras** e, polo tanto, poden circular libremente. Cada país da área **mantén a súa independencia en política comercial**. Un exemplo deste tipo é o **Tratado de Libre Comercio de América do Norte (TLCAN ou NAFTA)**, entre Estados Unidos, México e Canada.
- **Unión aduaneira.** É unha área do libre comercio onde, **ademais** de eliminar os aranceis entre os membros, **se establece unha política aduaneira común fronte a países non membros**. Por exemplo, a **Unión Europea (UE)**

Os intercambios entre países dun mesmo bloque son moi intensos, dadas as facilidades qua hai para comerciar entre eles.

Tamén **hai asociacións creadas para o comercio dun produto concreto**.

Este é o caso da **Organización de Países Exportadores de Petróleo (OPEP)**.



6. PRINCIPAIS BLOQUES COMERCIAIS DO MUNDO

3. Un comercio mundial polarizado.

O comercio mundial **medrou intensamente** coa globalización. Pero este crecemento **non beneficiou** por igual a todos os países: o **85 % do comercio mundial** prodúcese nos países desenvolvidos e nos países emerxentes.

3.1. Novos eixes comerciais.

Tradicionalmente, as **grandes áreas comerciais** do mundo foron a **Unión Europea, Estados Unidos e Xapón**. Pero desde **finais do século XX**, a globalización, o crecemento dos **novos países industrializados**, sobre todo **China**, e a crise económica iniciada en 2007 modificaron a situación do comercio internacional.

- O **eixe Estados Unidos-China**. Na actualidade, estes dous países concentran a maior porcentaxe das exportacións e importacións mundiais.
- Outros **novos eixes comerciais**. Os **países emerxentes** estanse convertendo nos principais protagonistas do actual crecemento económico.

A Unión Europea, en conxunto, **é a primeira potencia comercial do mundo**; efectúa máis do 20% das exportacións mundiais.

O **71 % das exportacións** dos países da Unión Europea realízanse **dentro do ámbito da UE**.

4. O transporte: funcións e redes.

4.1. Que son os servizos de transporte.

O transporte é unha **actividade fundamental** do sector servizos. Consiste no **traslado de persoas e mercadorías** dun lugar a outro.

Para que o transporte sexa posible cómpren **dous tipos de elementos**:

- Os **medios de transporte**, que son **os vehículos** que se utilizan para ese traslado: automóbil, ferrocarril, avión, barco, etc.
- As **infraestruturas**, que son os **elementos necesarios para que funcionen** os medios de transporte: estradas e autoestradas para os automóviles; vías férreas e estacións para o ferrocarril; aeroportos para os avións, e portos marítimos ou fluviais para os barcos.

Os **oleodutos** e os **gasodutos**, como conducións tubulares que son, considéranse tamén infraestruturas de transporte.

4.2. As funcións dos transportes.

Na actualidade, os servizos de transporte cumpren **tres funcións**:


- Unha función **económica**, xa que:
 - O transporte permite o **intercambio de produtos** e o **desprazamento da poboación**.
- Unha función **social**, porque **favorece as relacións humanas**, o intercambio cultural e o coñecemento de produtos exóticos que chegan doutras partes do mundo.
- Unha función **política**, pois, por exemplo:
 - Unha **rede de transporte densa e equilibrada** contribúe á **unión dos habitantes** que comparten un territorio.
 - O **control de certas infraestruturas de transporte**, como o canal de Suez, aumenta o **valor estratéxico** dun país.

4.3. A rede de transporte.

A rede de transporte é o **conxunto de infraestruturas** creadas para a circulación dos vehículos, Está formada por unha serie de **nodos** (cidades, estacións,...) e de **eixes ou liñas**, que son as vías **que unen os nodos**.

Unha rede de transporte pode ser máis ou menos apropiada para o desenvolvemento económico. Para que unha **rede de transporte sexa eficaz** debe:

- Ser unha **rede densa**, é dicir, cun **elevado número** de nodos e eixes.
- Ter unha **ampla conectividade**, é dicir, todos os nodos teñen que **comunicarse entre si** a través de percorridos o máis curtos posible.
- Presentar unha **boa accesibilidade**, de xeito que resulte fácil acceder a un nodo concreto da rede desde outro nodo calquera.



10. Tipos de redes de transporte. Centralizada ou radial (A). Cuadrangular (B). Lineal (C). Anárquica (D).

4.4. A intermodalidade no transporte.

Na actualidade, as redes de transporte tenden á intermodalidade, é dicir, á **confluencia** de polo menos **dous modos de transporte** nun mesmo lugar, de xeito que os traslados de mercadorías e de persoas resulten **máis eficaces** ao **aforrar tempo e gastos**.

5. O transporte terrestre.

O transporte terrestre engloba os desprazamentos que se realizan **por estrada e por ferrocarril**.

5.1. O transporte por estrada.

O transporte por estrada vincúlase comunmente ao **automóbil**, pero tamén inclúe **autocares e camións**.

É o **máis utilizado polas persoas** para os seus desprazamentos, sobre todo en **distancias curtas**, e é un dos máis **importantes para o transporte de mercadorías**.

As súas principais vantaxes son a **comodidade e a flexibilidade**, pois é o **único** medio de transporte que **permite ir directamente do lugar de orixe ao de destino**.

Non obstante, tamén **ten problemas**:

- Depende dunha **rede de infraestruturas custosa**, como son as estradas, autovías e autoestradas, túneles, pontes,...
- É o medio de transporte que rexistra **maior número de accidentes e o máis contaminante**.
- Crea **problemas de conxestión** do tráfico nas grandes cidades.

5.2. O transporte por ferrocarril.

O transporte por ferrocarril vincúlase co **tren** en todas as súas variedades: tren propiamente dito, metro e tranvía.

E un medio **fundamental nas grandes cidades**, onde é necesario contar cunha boa rede de trens de proximidade e metro.

Ademais, nos últimos anos cobrou importancia para o **transporte de media distancia**, debido ao desenvolvemento de trens de **alta velocidade**.

Tamén é moi útil para o **transporte de mercadorías**, pois pódense trasladar **grandes volumes** de produtos de distinto tipo en **vagóns específicos**: vagóns frigoríficos, contedores, cisternas, etc.

O transporte por ferrocarril é máis **rápido, barato e seguro ca transporte por estrada**, e, ademais, é **menos contaminante**.

Tamén ten **limitacións**:

- É **pouco flexible**, pois segue **rutax fixas**, marcadas polas vías férreas.
- Necesita unhas **infraestruturas custosas** tanto á hora de construílas coma á de mantelas.

5.3. As redes de transporte terrestre.

As redes de transporte terrestre son un **factor clave**, aínda que non o único, **no desenvolvemento**, ao facer ás **rexións máis ou menos accesibles e atractivas** para a actividade económica.

- Nos **países desenvolvidos**, a rede terrestre é **moi densa**, cun **alto grao de conectividade e está ben xerarquizada**.

Presenta unha estrutura de estradas encabezada por autovías e autoestradas.


As maiores redes de estradas e ferrocarril encóntranse en **Europa, América do Norte, Xapón e Australia**.

- Nos **países menos desenvolvidos**, aínda que a rede de **ferrocarril adoita ser pouco densa**, é un medio de transporte eficaz.

As estradas están **frecuentemente mal acondicionadas**, o firme está deteriorado ou sen pavimentar e a rede, en xeral, resulta insuficiente.

As infraestruturas de transporte necesitan un **grande investimento** que nin sequera os Gobernos dos países desenvolvidos poden abranger na súa totalidade, polo que, en moitas ocasións, se recorre á **iniciativa privada**.

13. DENSIDADE DA REDE DE TRANSPORTE TERRESTRE MUNDIAL



6. O transporte naval.

6.1. Características do transporte naval.

O transporte naval abrangue o **transporte marítimo e o transporte fluvial**, que é o que se realiza a través dos **grandes rios** navegables.

Usase principalmente para **transportar mercadorías pesadas e voluminosas**: máis do **90 % do comercio mundial** realizase por esta vía.

É **barato pero lento**, polo que foi **desbancado polo avión no transporte de pasaxeiros para longas distancias**, a excepción das viaxes de pracer, como os cruzeiros.

Necesita de **infraestruturas portuarias** para acoller grandes buques e manipular a carga: peiraos profundos, lugares de amarre, guindastres, edificios de administración e aduanas, etc.

Esixe **enormes investimentos**. Por esta razón, **o Estado financia os portos**, mentres que **os buques pertencen a grandes compañías navieiras** (armadores), que poden ser **públicas ou privadas**.

O transporte naval segue as **rotas fixas** marcadas pola capacidade dos portos e o seu tipo.

Segundo a súa función, os portos **clasifícanse** en portos industriais, comerciais, de pasaxeiros, deportivos, pesqueiros,...

É un transporte **moi contaminante**, polas **perdas de combustible** cando se **limpan os depósitos en mar aberto** ou cando os barcos **sofren accidentes** e provocan **mareas negras**.

6.2. O auxe dos contedores.

Un dos **inconvenientes** do transporte marítimo é que non pode levar as mercadorías directamente do produtor ao consumidor. Necesita **complementarse con outros medios**, como o ferrocarril ou o transporte por estrada, para trasladar as mercadorías ao seu destino final.

Os contedores son **enormes recipientes** en que se trasladan as mercadorías. Grazas a eles, é fácil cargalas nun barco e despois colocar a carga en camións ou trens portacontedores.


Os portos modernos dispoñen de **grandes terminais de contedores**.

6.3. Principais rutas.

O transporte marítimo realízase por **rutas transoceánicas** moi transitadas que comunican os **grandes centros económicos mundiais**.

As **principais rutas marítimas** son:

- A do **Atlántico Norte**, que une Europa occidental con América do Norte (Estados Unidos e Canadá).
- A do **Pacífico**, que une os mercados asiáticos e Australia con América, e que se comunica con Europa a través do **canal de Panamá**.
- A ruta do **Mediterráneo**, que une Europa occidental cos océanos Índico e Pacífico a través do **canal de Suez**. Comunica Asia e os países petrolíferos de Oriente Medio con Europa e



16. PRINCIPAIS RUTAS E PORTOS MARÍTIMOS

Estados Unidos.

Nas rexións onde existen **grandes ríos navegables**, o **transporte fluvial** cobra grande importancia. O Mississippi, o Danubio, o Rin, o Volga, o Mekong e o Iangtsé son algúns destes ríos.

O Nilo e o Congo son moi importantes a nivel local.

7. O transporte aéreo

7.1. Características do transporte aéreo

O transporte aéreo **destínase principalmente ao traslado de pasaxeiros a longas distancias**.

As **mercadorías** transportadas por este medio restrínxense ás **máis urxentes** (medicinas), as de **gran valor** (material informático), as de **rápida caducidade** (correo, alimentos) e as de **pequeno volume**.

As principais **vantaxes** do avión son que é un medio **rápido, seguro e cómodo**. Pero tamén **implica varios problemas**:

- A súa **capacidade é limitada**, polo que resulta o medio máis **caro**.
- Produce unha **alta contaminación atmosférica** ao utilizar queroseno como combustible.
- A **contaminación acústica** polos ruídos e vibracións obriga a construír **fóra das áreas urbanas**, polo que **cómpren vías de comunicación** entre as cidades e os aeroportos.

- Require unha **complexa e tecnificada infraestruturas** que supón un custo alto, polo que, durante moito tempo, predominaron as empresas aéreas estatais.
- Un inconveniente engadido nos últimos anos foron os **rigorosos controis de seguridade** para previr atentados terroristas, que fixeron aumentar o tempo de espera nos aeroportos.

Na última década, as **compañías tradicionais** entraron nun proceso de declive ao proliferar as **compañías de baixo custo** (low cost).


7.2. Principais rutas

Os aeroportos conéctanse a través de rutas aéreas. Estas medraron aceleradamente nas últimas décadas, contribuíndo á globalización económica e política.

- A maior cantidade de voos efectúase entre **América do Norte e Europa**. O tráfico aéreo entre estas rexións representa o **29,3 % do total mundial**.

•

En



18. EVOLUCIÓN DOS PASAXEIROS NOS PRINCIPAIS AEROPORTOS

segundo lugar sitúanse as rutas que unen **Europa con Asia**, que constitúen o **13,2 %**.

- En 3º lugar están as rutas que van de **Asia a América do Norte**, que representan o **12,2 %**.
- **Oriente Medio** converteuse nun centro aéreo de rápido crecemento

7.3. Loxística aeroportuaria e actividades anexas

A loxística fai referencia ao **conxunto de medios e procedementos necesarios** para a organización dunha empresa ou para a prestación dun servizo, especialmente de distribución.

En sentido amplo, a loxística aeroportuaria comprende as **grandes instalacións e os servizos adecuados para desempeñar a súa función**.

Por outro lado, os aeroportos son atractivos para moitas actividades económicas que se benefician do importante volume de persoas e de mercadorías que os utilizan.

<https://www.youtube.com/watch?v=CEPcV28-WgQ>

8. O turismo

8.1. Concepto e importancia

O **turismo** é todo **desprazamento** das persoas a lugares que se encontran fóra da súa residencia habitual por **motivos de ocio, persoais, ou profesionais**.

A importancia do turismo para a riqueza e prosperidade dos países é cada vez maior.

En 2013 o turismo supuxo o **9 % do PIB mundial** e o **6 % das exportacións**.

Ademais, un de cada once postos de traballo estaba dedicado a esta actividade.

O turismo ten **efectos positivos** evidentes:

- Crea **oportunidades de negocio e empregos**, tanto directos (hostalaría, axencias de viaxe, etc.) coma indirectos (na construción, nos transportes, no comercio,...).
- **Dálle valor económico ao patrimonio natural e cultural**, o que axuda a conservalo.
- Fomenta o **coñecemento entre culturas**.

Pero tamén pode ter **efectos negativos**, por exemplo:

- O turismo litoral pode causar un grande **impacto no medio ambiente**, pois require a construción de moitos edificios e infraestruturas e incrementa a poboación do lugar, provocando:
 - A **degradación de ecosistemas fráxiles**.
 - O incremento da **presión sobre recursos naturais** como a auga.
 - O aumento da **contaminación**.
- Ten un grande **impacto sobre as sociedades tradicionais**, e os seus costumes e usos típicos **poden desaparecer**.

8.2. Evolución do turismo

O turismo **medrou** a partir da **segunda metade do século XX**, cando nos países desenvolvidos se **xeneralizaron avances sociais** como o dereito a un período de **vacacións** retribuído.

En 2012 superáronse, por primeira vez na historia, os **mil millóns de turistas internacionais**.

Ademais, contabilizáronse entre 5.000 e 6.000 millóns de turistas internos, é dicir, os que non cruzan as fronteiras do seu país.

8.3. Tipos de turismo

Os **motivos son moi diversos**.

Podemos agrupalos en **tres tipos: por ocio, por razóns persoais e por motivos profesionais**.

A maior parte das veces as actividades turísticas mestúranse.

Por exemplo, é normal que unha persoa que visita un familiar aproveite para coñecer o patrimonio artístico do lugar.

8.4. Turismo sustentable

Segundo a **Organización Mundial do Turismo**, o turismo é **sustentable** se:

- **Conserva os recursos medioambientais**.
- **Respecta a cultura e os valores tradicionais** do lugar visitado, contribuíndo ao entendemento intercultural.
- Garante **actividades económicas a longo prazo** que xeran ingresos ás comunidades anfitroas e que contribúan a reducir a pobreza.

Non hai que confundir **turismo sustentable con ecoturismo**.

Este último concepto compartía os obxectivos do primeiro, pero limitase a un turismo relacionado coa natureza.

TIPOS DE TURISMO	
Turismo de ocio	<ul style="list-style-type: none">• Turismo de sol e praia, no que prima o descanso xunto ao mar.• Turismo cultural, que goza dos monumentos, museos e espectáculos, da gastronomía, etc.• Turismo rural, en que se busca, principalmente, o contacto coa natureza.• Turismo deportivo, tanto convencional coma de aventura.• Turismo do xogo, no que se especializaron cidades como Las Vegas (Estados Unidos).
Turismo por motivos persoais	<ul style="list-style-type: none">• Turismo de visita a amigos e familiares.• Turismo de saúde, en balnearios e noutros centros para recibir un tratamento médico especializado.• Turismo relixioso como, por exemplo, as peregrinacións a lugares sagrados para certas relixións: A Meca, (22) Roma, Santiago de Compostela, Xerusalén...• Turismo de compras.
Turismo profesional	<ul style="list-style-type: none">• Turismo comercial ou de negocios.• Turismo de congresos e convencións.• Turismo formativo e educativo.

8.5. Destinos do turismo

Europa constitúe o **principal destino turístico do mundo**.

Por países. **Francia, Estados Unidos, España e China** son os que reciben máis visitantes estranxeiros e ingresos por esta actividade.

- **Europa** recibiu en 2013 o **52 % dos turistas internacionais**, que deixaron uns beneficios do **42 % dos ingresos** mundiais por turismo.

Entre os seus **atractivos** podemos destacar o seu gran **patrimonio** histórico, artístico e cultural, así como o **clima e as praias** dos países mediterráneos. **Francia e España** son os principais destinos.

- **A rexión de Asia e Pacífico** é a que máis medrou en 2013. Recibiu o **23 % dos turistas** e o **31 % dos ingresos**.

A **cultura asiática** é un grande atractivo turístico para os occidentais, que, cada vez en maior número, visitan esta rexión. **China, Tailandia e Malaisia** son os principais destinos. Nos últimos anos, Cambodja, Vietnam e Myanmar experimentaron un notable crecemento.


- **América** ocupa o 3º lugar. **Estados Unidos** destaca por número de visitantes e por ingresos. Este país conta con innumerables atractivos, en particular, as súas **grandes cidades e os seus espazos naturais**.

A **moita distancia séguese México**, co seu **importante patrimonio de culturas precolombianas e praias tropicais**.

As **praias** son o principal atractivo dos países **do Caribe**, que xuntos constitúen o terceiro lugar máis visitado desta rexión.

- **África** non presenta unha actividade turística importante.
- **Oriente Medio** sitúase en último lugar en recepción de turistas e é a única rexión que experimentou un descenso, motivado pola inestabilidade política da zona.

Arredor do 80 % dos turistas estranxeiros proceden de países situados dentro da súa mesma rexión.



8.6. Procedencia do turismo

Ata **hai pouco, case todos** os turistas procedían dos **países desenvolvidos**. Hoxe súmanse algúns **países emerxentes**.

Europa ocupa o primeiro lugar segundo a orixe dos turistas internacionais, co **52 %** en 2013.

O segundo posto correspóndelle á **rexión de Asia e Pacífico**, seguida de **América**.

En canto ao **gasto** que realizan estes turistas, nos últimos anos **houbó importantes cambios**.

Desde 2012 **China** sitúase a cabeza, superando a **Estados Unidos e Alemaña**. A estes países séguenos **Rusia e Reino Unido**.

O enorme crecemento de China e Rusia explícase polo grande enriquecemento de pequenos sectores da sociedade.

9. Outros servizos

9.1. Os servizos financeiros

Os servizos financeiros reúnen todas as **actividades e negocios que se dedican a xestionar o diñeiro**: o seu investimento, préstamo e aforro.

O sistema financeiro dun país está **formado polo conxunto de institucións e medios** que poñen en **contacto** aos que **ofrecen o capital cos que o necesitan**.

A. súa función é básica no desenvolvemento da actividade económica, xa que **permite converter o aforro en investimento**.

Os **intercambios financeiros internacionais** medraron de forma espectacular.

Os **bancos** e as **caixas de aforro** son as institucións financeiras máis importantes. Encárganse de **captar o diñeiro** dos aforradores para **prestalo a un xuro**.

Outros intermediarios financeiros son as **compañías de seguros**, que **cobren os riscos que poden sufrir as persoas** e os bens a cambio do pago dunha prima.

9.2. Os servizos de información e comunicación

Podemos diferenciar **dous tipos de medios de comunicación**:


- **os interpersoais**, que poñen en contacto **unha persoa con outra** (por exemplo, o teléfono e o correo), e
- **os medios de comunicación sociais ou mass media**, que **informan e comunican ao público en xeral** (por exemplo, a prensa escrita, a radio, o cine e a televisión).

Internet é á vez un medio de comunicación **interpersoal e social**.

Actualmente, as redes de comunicación permítenos conectar en **tempo real co resto do mundo**.

As **Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC)** provocaron **grandes cambios na economía** (por exemplo, novas formas de facer negocios, como o comercio electrónico), a **organización do traballo** (videoconferencias, teletraballo), a cultura, o coñecemento e o ocio.

31. AS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN NO MUNDO



9.3. Os servizos a empresas

Estes servizos reúnen as actividades que satisfán necesidades das empresas, substituíndo ou complementando servizos que ata hai pouco se realizaban dentro da mesma empresa.

Pódense distinguir **dous tipos** de servizos a empresas:

- **Servizos intensivos en coñecemento (terciario superior)**, como asesoramento fiscal e xurídico, mercadotecnia, deseño, formación, xestión ou servizos informáticos, entre outros. As persoas que os prestan adoitan ter unha **elevada formación académica**.
- **Servizos operativos (ou tradicionais)**, como os servizos de limpeza, seguridade, transporte ou contabilidade.

Estas actividades de servizos **facilitan o funcionamento das empresas** e contribúen ao crecemento económico xeral, xa que **melloran a competitividade empresarial**, pois as empresas dedícanse á súa actividade principal e encargan **outras tarefas** a empresas ou a traballadores autónomos especializados nelas e que dispoñan dos medios adecuados para desempeñalas. Isto reflectirase nun traballo de maior calidade.

9.4. Os servizos persoais

Os servizos persoais son os que **se ofrecen** directamente a **unha persoa ou a un grupo reducido** para o seu uso e gozo persoal. Entre eles inclúense:

- **Servizo doméstico** de empregados do fogar.
- Actividades de **mantemento e reparación** (pintores, fontaneiros,...)
- **Servizos profesionais independentes** de avogados, arquitectos, decoradores de interiores, artistas,...
- **Outros servizos**, como os que ofrecen os salóns de beleza, florarías, balnearios, lavanderías, funerarias, etc.

9.5. Os servizos sociais.

Engloban **servizos, axudas económicas** e outras **actuacións destinadas a mellorar o benestar da cidadanía**. Desenvolvéronse **da man do progreso económico** e dunha **maior conciencia e preocupación polas desigualdades sociais** e por garantir o dereito de todas as persoas a un **mínimo benestar**.

Estes servizos **diríxense principalmente ás persoas e os colectivos máis vulnerables**, como son os maiores, os menores de idade e as mulleres en situación de dependencia, as persoas con discapacidade, os toxicómanos os ex-reclusos, os inmigrantes e as minorías étnicas, as persoas sen fogar... A súa **finalidade é asegurar a todos eles un nivel de vida digno**, unha contorna de convivencia adecuado, o desenvolvemento pleno das súas capacidades e a súa integración e participación na sociedade.

Servizos sociais son os que prestan as **residencias de maiores** e os centros de día, as **vivendas tuteladas para menores** ou para persoas cunha enfermidade mental, os centros de atención e **protección ás mulleres maltratadas**, os comedores sociais, a axuda domiciliaria a persoas que non poden valerse por si mesmas...

Estes **servizos** e a maneira de organizalos necesariamente **cambian co tempo**, para dar resposta aos problemas económicos e sociais que van xurdindo.

Aínda que **hai empresas e organizacións privadas** que prestan servizos sociais (con ou sen ánimo de lucro), **proporcionalos é responsabilidade do Estado**, así como asegurar o seu acceso a toda a poboación en condicións de igualdade.